



# XOGO DE ROL



*Proposta de traballo da competencia discursiva*



Soraya Suárez Quintas

V Xornadas de Lingua e Literatura Galegas no Ensino



# GAMIFICACIÓN



## Definición

A gamificación en educación consiste en aplicar nas aulas conceptos e dinámicas propias do deseño de xogos, que estimulan e fan máis atractiva a interacción do alumno co proceso de aprendizaxe e co obxectivo de que este consiga adquirir de forma adecuada determinados resultados.

«Os xogos desafiannos para un mellor uso das nosas fortalezas e eliminan o medo ao fracaso, mellorando as nosas posibilidades de éxito. Os bos xogos apoian a cooperación social e a participación cívica».

Jane McGonigal

«O verdadeiro xogo é espontáneo, incerto: nunca se sabe a onde vai levar. Non consiste en gañar ou perder».

Carl Honoré

«Todas as aprendizaxes máis importantes da vida fanse xogando».

Francesco Tonucci



# ROTEIRO DE TRABALHO

(Alumnado)

**2** Carta de personaxe  
*descripción detallada*  
*(grupala)*

**4** Carta historia  
*desenvolvemento da trama +*  
*modelo textual*

**6** Lectura  
*explicación texto*




**1** Tarxeta de personaxe  
*avatar + descripción breve*  
*(individual)*

**3** Enigma  
*permite avanzar na historia*

**5** Revisión  
*ortográfica, estilística,*  
*temática...*



Contexto: cano e ondas?



# 1. Tarxeta de personaxe

<http://www.hearthcards.net/>



**37**



**Sabela Souto**

Directora do Museo Lubró. Adoro os libros antigos e as películas en branco e negro.

**43**



**Martín Pérez**

Avogado e afeccionado ao deporte. Participo en todas as carreiras solidarias que atopo.

**40**



**Mister Io**


Axente secreto. Os meus achegados pensan que vendo aspiradoras a domicilio.

**24**



**Miriam Núñez**

Estudante de Historia. Encántame madrugar e dar paseos cando a maioría da xente está durmindo.



# Lista de personaxes

Comisario/a de policía

Xornalista

Repartidor/a

Estudiante

Avogado/a

Cociñeiro/a

Axente de policía

Traballador/a de Correos

Profesor/a

Axente secreto

Vagabundo/a

Forense

Perruqueiro/a

Banqueiro/a

Ladrón/a


Vendedor/a de seguros

Informático/a

Cerralleiro/a

Vendedor/a

Inspector/a de policía







**Sabela Souto**



## **Creación dun avatar**

*<https://www.creartuavatar.com>*





**Exemplos de avatares**





# 1. Tarxeta de personaxe

<http://www.hearthcards.net/>



**37**



**Sabela Souto**

Directora do Museo Lubró. Adoro os libros antigos e as películas en branco e negro.

**43**



**Martín Pérez**

Avogado e afeccionado ao deporte. Participo en todas as carreiras solidarias que atopo.

**40**



**Mister Io**


Axente secreto. Os meus achegados pensan que vendo aspiradoras a domicilio.

**24**



**Miriam Núñez**

Estudante de Historia. Encántame madrugar e dar paseos cando a maioría da xente está durmindo.



## 2. Carta de personaxe

*Alter ego*

(actividade grupal)

Idade



Lugar de orixe



Personalidade



Datos vitais de relevancia




Curiosidades e demais...



gly  
nt y  
four  
l be  
n.  
trong  
omen  
at yo  
'll b

# 2. Carta de personaxe



Sabela Souto

IDADE E LUGAR DE NACEMENTO

37 anos  
Santiago de Compostela


TRAZOS PERSOAIS

Apasionada e algo desconfiada. Amante dos cafés quentes, das películas en branco e negro e dos libros antigos con boas historias. A súa lista de Netflix está compartida entre documentais de crimes reais e películas románticas de Nadal.

ASPECTOS VITAIS RELEVANTES

Naceu no seo dunha familia humilde ás aforas de Santiago de Compostela. Dende pequena sempre se interesou polos libros. Con dezaseis anos xa era una gran lectora das grandes obras da literatura universal.

Estudou Historia da Arte e Filloxía Clásica na Sorbone grazas a una bolsa internacional e traballou de conservadora nos Museos Vaticanos e no Museo do Prado. Tras a xubilación de César Soutelo, ocupou o seu posto como directora no museo do Lubró na cidade de Antiga.



# Inicio

Prezada amiga.

Sinto escribirche con tanta urxencia e, lamentablemente, por un asunto pouco agradable relacionado co museo.

Como xa sabes, temos a maior colección de arte pictórica e esculturas de toda Galiza, un orgullo só comparable coas grandes coleccións das maiores cidades europeas. Precisamente, por este valor incalculable, a nosa seguridade é un asunto de vital importancia e tentamos protexer as nosas obras a calquera custo.

Recentemente, adquirimos a coñecida obra Mona Chita para incorporala á nosa colección. Agora mesmo, atópase custodiada nun depósito de máxima seguridade, onde as nosas conservadoras realizan os traballos de mantemento. A nosa intención é que estea lista para podela expoñer na gala benéfica anual que se celebrará no inicio do próximo verán, cando teremos a gran honra de presentarlle a todo o país.

Por desgraza, a nosa xefa de seguridade, Salvadora Portas, recibiu unha información bastante fiable que indica que alguén intentará roubar a Mona Chita, mais non sabemos quen, onde nin cando se producirá tal evento.

Remítoche a información recibida, a cal sospeitamos que ten unha mensaxe oculta que non fomos capaces de descifrar. Espero de corazón que poñas todos os teus recursos e empeño en desvelar este misterio.

Ata máis ver, despídese de ti a túa amiga:

Sabela Souto, directora do museo do Lubró, cidade de Antiga.

# 3. Enigma

Á aTención dA diRectora:

teNdo coÑecemento da pRóxima  
celebración da gala onde se expOrá a  
mOna chita, siNto a neCesidade dE  
conTarlle a voStede coMo atopEi  
infOrmacion nA Que conFío  
plenamEnte.

Insto á Directora a que comprobe o  
inveStido en seguridade. Deberá  
sabEr que alguén a manipulará e  
Intentará iNterceptar a Glorificada  
obra de arte.

saUdándoa dEspídome aNunciando os  
meUs respectos.

PISTA: Os verbos sempre foron moi  
importantes.



# 3. Enigma

Á aTención dA diRectora:

teNdo coÑecemento da pRóxima  
celebración da gala onde se expOrá a  
mOna chita, siNto a neCesidade dE  
conTarlle a voStede como atopEi  
infOrmacion nA que conFío  
plenamEnte.

Insto á Directora a que comprobe o  
investido en seguridade. Deberá  
saber que alguén a manipulará e  
Intentará iNterceptar a Glorificada  
obra de arte.

saUdándoa dEspídome aNunciando os  
meUs respectos.

SOLUCIÓN: Non te fíes de ninguén.

# 3. Enigma

## Roubos de móbiles na cidade da Coruña.

*O suceso produciuse ista madrugada e diversas fontes afirman que pode estar relacionado coa extraña revenda de terminais a baixo custo.*

A madrugada do sábado recolléronse casi vinte denuncias de persoas as que lles foron substraídos os seus terminais móbiles. Varias testemuñas dos roubos afirman que non e un caso illado, posto que xa se tiñan dado situacións similares, especialmente coincidindo coa fin de semana. As autoridades nom localizaron aínda aos sospeitosos e, mentres continúen as investigacións, pídenlle á ppoboación que preste moita atención ás súas pertenzas máis carras e que sexa cautelosa con bolsos é mochilas.

PISTA: O coñecemento ortográfico  
farate libre.



### 3. Enigma

#### Roubos de móviles na cidade da Coruña.

*O suceso produciuse ista madrugada e diversas fontes afirman que pode estar relacionado coa extraña revenda de terminais a baixo custo.*

A madrugada do sábado recolléronse casi vinte denuncias de persoas as que lles foron substraídos os seus terminais móbiles. Varias testemuñas dos roubos afirman que non e un caso illado, posto que xa se tiñan dado situacións similares, especialmente coincidindo coa fin de semana. As autoridades nom localizaron aínda aos sospeitosos e, mentres continúen as investigacións, pídenlle á ppoboación que preste moita atención ás súas pertenzas máis carras e que sexa cautelosa con bolsos e mochilas.

SOLUCIÓN: Vixía sempre.






# 4. Carta historia



AMIGO POR CORRESPONDENCIA



# Tipos de textos

Receta

Prospecto dun medicamento

Noticia xornalística

Diccionario, enciclopedia...

Artigo de opinión

Folleto

Anuncio publicitario

Correo electrónico

Telegrama

Curriculum vitae




ny jo  
you decid  
r chosen  
me m  
io




# 5. Revisión



Alumn@ final



Alumn@ 1



Alumn@ 2



# 5. Revisión



## Rúbrica

Autoavaliación

Coavaliación

Heteroavaliación



4

3

2

1

### Estrutura

Presenta en todo momento a información de forma lóxica, diferenciando claramente en parágrafos os núcleos de contido.

Presenta a maior parte da información de forma lóxica (con 1 ou 2 lapsos) e diferencia claramente en parágrafos os núcleos de contido.

Presenta bastante información de forma lóxica (con 3 lapsos), pero non diferencia de forma clara en parágrafos os núcleos de contido.

Presenta a información de forma desordenada (con máis de 3 lapsos) e non fai unha correcta distribución en parágrafos.

### Gramática e ortografía

Usa estruturas gramaticais e ortográficas axeitadas (con menos de 2 erros).

Usa estruturas gramaticais e ortográficas axeitadas (entre 2 e 5 erros).

Usa estruturas gramaticais e ortográficas axeitadas (entre 5 e 8 erros).

Usa moitas estruturas agramaticais ou non ortográficas (8 erros ou máis).

### Puntuación

Utiliza correctamente os signos de puntuación (con menos de 2 erros).

Presenta 2 ou 3 erros ou omisións no emprego dos signos de puntuación.

Presenta 4 ou 5 erros ou omisións no emprego dos signos de puntuación.

Non emprega signos de puntuación ou faino de maneira equivocada no texto (máis de 5 erros ou omisións).

### Tipoloxía textual e vocabulario

Adapta completamente o seu escrito á tipoloxía textual demandada e emprega un vocabulario adaptado ao contexto.

Adapta o seu escrito á tipoloxía textual demandada e emprega un vocabulario adaptado ao contexto (con 1 ou 2 erros).

Adapta o seu escrito á tipoloxía textual demandada pero non emprega un vocabulario adaptado ao contexto (máis de 2 erros).

Non adapta o seu escrito á tipoloxía textual demandada e non emprega un vocabulario adaptado ao contexto (máis de 2 erros).




































# 6. Lectura



# Galepuntos

## GALEPUNTOS 2ª avaliación

ALUMNO/A: \_\_\_\_\_ CURSO \_\_\_\_\_

# BANCO DE GRINGOTTS

XURO SOLEMNEMENTE QUE ISTO É UNHA TRASNADA

ENCANTAMENTO/ OBXECTO	RECOMPENSA	PUNTOS
Graxeas de sabotes	Se sodes bos comedotes, usade as graxeas de sabotes	1
Mapa do metedeador	Con este mapa encantado, o grupo ha estar descansado	2
Expelliarmus	Desarmade a profesora coa vosa banda sonora	3
Ra de chocolate	Quen teña unha ra, tres minutos máis comerá	10
Nimbus 2020	Esta escoba voadora farache máis curta a hora	15
Xiratempo	Usa o xiratempo e reláxate un momento	20
Autobús noctámbulo	Sube ao autobús se a tarefa che dá repetús	25
Poción multixugos	Bebe a poción e cambia a pregunta sen preocupación	30
Capa de invisibilidade	Usa esta capa se a ortografía che dá a lata	40
Expecto patronum	Con este encantamento, a profe axudarache un momento	45
Impetius	Se non quefes a detrota, Impetius subitache a nota	50
Vetisafetum	Con esta poción, a chuleta axudarache mogollón	60

